

INFORMACIÓN SOBRE O CAMBIO DE APELIDOS

➤ ¿Quen pode solicitalo?

O propio interesado español maior de 16 anos.

➤ Por declaración ante o Encargado do Rexistro Civil

- a) A inversión da orde apelidos
- b) A anteposición da preposición “de” ao primeiro apelido que fora usualmente nome propio ou comezase por tal, así como as conxuncións “y” ou “i” entre os apelidos
- c) A acomodación dos apelidos dos fillos maiores de idade ou emancipados ao cambio de apelidos dos proxenitores cando aqueles expresamente o consintan.
- d) A regularización ortográfica dos apelidos a calquera das linguas oficiais correspondentes ao orixe ou domicilio do interesado e a adecuación gráfica a ditas linguas da fonética dos apelidos estranxeiros.
- e) Cando sobre a base dunha filiación rectificadora con posterioridade, o fillo ou os seus descendentes pretendesen conservar os apelidos que viñesen usando antes da rectificación. Dita conservación de apelidos deberá instarse dentro dos dous meses seguintes á inscrición da nova filiación ou, no seu caso, á maioría de idade.

➤ Previo expediente ante o Encargado do Rexistro Civil

1. Que o apelido na forma proposta constituía unha situación de feito, sendo utilizado habitualmente polo interesado.
2. Que o apelido ou apelidos que se tratan de unir ou modificar pertencen lexítimamente ao petionario.
3. Que os apelidos que resulten do cambio non proveñan da mesma liña.

Poderá formularse oposición fundada unicamente no incumprimento dos requisitos esixidos.

- *Excepción aos requisitos anteriormente enumerados :*

Bastará que concorra o requisito do uso habitual do apelido proposto, sen que se cumpran os requisitos dos puntos 2 e 3 do apartado b, se o apelido ou apelidos solicitados correspondesen a quen tivera acollido ao interesado, sempre que aquel ou, por ter falecido, os seus herdeiros dean o seu consentimento ao cambio. En todo caso, requírese que, por si ou os seus representantes legais , asintan ao cambio o cónxuxe e descendentes do titular do apelido.

Tampouco será necesario que concorra o uso habitual do apelido proposto, bastando que se cumpran os requisitos dos puntos 2 e 3 do apartado b para cambiar ou modificar un apelido contrario á dignidade ou que ocasione graves inconvenientes.

Cando se trate de vítimas de violencia de xénero ou dos seus descendentes que estean ou estiveran integrados no núcleo familiar de convivencia, poderá autorizarse o cambio de apelidos sen necesidade de cumprir cos requisitos enumerados, dacordo co procedemento que se determine regulamentariamente.

Nestes casos, poderá autorizarse por razóns de urxencia ou seguridade o cambio total de identidade sen necesidade de cumprir cos requisitos enumerados, dacordo co procedemento que se determine regulamentariamente.

➤ **Documentación necesaria**

En tódolos casos hai que achegar:

-DNI

-Se o nacemento foi anterior a 1950, certificado de nacemento (en caso contrario será obtido por este Rexistro Civil)

-Se o interesado ten fillos menores de idade, deberá indicar ou achegar certificado de nacemento

Nos seguintes casos, ademais da documentación anteriormente enumerada, hai que achegar:

-Se o cambio de apelidos non responde a ningunha das situacións descritas no apartado a) (isto é, cando non se trata de inversión, nin regularización ortográfica, nin uso das conxuncións «de» e «y» ou «i»,etc etc) haberá que achegar a documentación correspondente que xustifique os puntos 1,2 e 3 do apartado b.

-Se o cambio de apelido responde a motivos de acollemento, resolución xudicial que así o dispoña.

-Se o cambio de apelido responde a motivos de violencia de xénero, resolución xudicial que así o xustifique.

➤ **¿Que consecuencias ten o cambio de apelidos?**

O cambio de apelidos alcanza a tódalas persoas suxeitas á patria potestade e tamén aos demais descendentes que expresamente o consintan

O DÍA DA CITA DEBERÁ COMPARECER CO SEU DNI E A DOCUMENTACIÓN ESIXIDA.